

Aproveita a túa estancia en Vilar de Santos para coñecer...



O patrimonio cultural

De paso que fas as rutas poderás coñecer o extenso patrimonio que se vai recuperando: muiños, fornos, fontes, airas, pazos...



O Museo da Limia

Considerado un dos mellores de Galicia, recolle ampla información sobre a desaparecida lagoa de Antela e sobre os oficios e modos de vida da comarca, nos tempos no que a auga doce cubría a extensa chaira da Limia.

www.museodalimia.com patronato@museodalimia.com



A Reserva da Biosfera

Vilar de Santos integra, xunto con Allariz, A Bola e Rairiz de Veiga, este territorio, recoñecido como tal en 2005 pola UNESCO, tanto pola súa conservación e protección dos elementos naturais, ecosistemas e especies existentes como pola protección das formas tradicionais de uso sostible dos recursos naturais.




O Río Limia e as charcas das areeiras

Un lugar perfecto para a observación de aves. Numerosos patos, pitas de auga e cegoñas reúnense aquí cada ano.



A Vía Nova

Mandada construír polos emperadores Tito e Dominiano para unir as cidades de Braga e Astorga, atravesaba o concello de Leste a Oeste. Podemos atopar miliarios que marcaban a vía en Parada, Cachalgura, Casas de Veiga ou nos Padrosos.



Concello de Vilar de Santos

Estrada de Celanova 77
32690 Vilar de Santos - Ourense
Tel. 988 465 863
concello@vilardesantos.com
www.vilardesantos.com
facebook.com/concellodevilardesantos

VILAR de Santos

CONCELLO DE



Sendeiro de Castelaus

Distancia

5,10 Km

Duración

2h

Dificultade

Media



Sendeiro circular que parte e regresa ao pobo de Castelaus

Saimos da área recreativa do pobo de Castelaus, onde podemos aparcir o noso vehículo e coller auga para o camiño na Fonte dos Espiñeiros; unha das de máis sona do Concello.



Tomamos o sendeiro seguindo a sinalización dos postes, que nos guiarán ao longo de todo o camiño, para comezar a subir paulatinamente cara Panadeira e o Toutizo ata o monte Cobelo entre carballos.



Continuamos polo antigo camiño que vai a Saa, entre unha frondosa carballeira e poulas pola zona da Portela, Touzas, Baión ata chegarmos ao cemiterio no que conectamos co camiño que ven de Vilar de Santos e co sendeiro do Ruxidoiro.



Chegamos a Vilar de Santos, onde se estamos cansos podemos aproveitar para visitar o Museo da Limia, tomar algo ou descansar no Parque da Cachalgura ou mesmo tomar un baño na piscina municipal no mesmo parque se é verán.



Desde o alto teremos unhas magnificas vistas da Limia e dos antigos terreos da Lagoa. Ao fondo as charcas creadas polas empresas de extracción de area, nas que abundan os patos, garzas, cegoñas ou pitas de auga.



O noso camiño rematará baixando cara ao punto de saída polo antigo camiño que utilizaban os veciños para ir a Vilar de Santos, podendo gozar en todo momento dunhas vistas panorámicas fermosas da Limia.

